



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Novas tecnoloxías nos estudos lingüísticos e literarios románicos

Manuel González González
Simone Marcenaro

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Manuel González González

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. Datos descritivos da materia:

Materia: Novas tecnoloxías nos estudos lingüísticos e literarios románicos

Código: G5081G25

Tipo de Materia, Ciclo e Curso en que se imparte: Materia Obrigatoria de primeiro ciclo, 2^{er} curso do *Grao en linguas e literaturas modernas*

Nº Créditos: 6 créditos ECTS

Semestral (1º Semestre)


Prerrequisitos:

Recomendados: Coñecemento elemental dos principais características das linguas románicas, dos seus fenómenos evolutivos máis importantes, e unha idea básica da literatura románica medieval.

Titorías:

Prof. Manuel González González

Lugar: Despacho 205 (2ª planta da Facultade de Filoloxía)

 **981-563100 (ext. 11827)**

□ **manuel.gonzalez.gonzalez@usc.es**


O teu profesor estará ao dispor d@s alumn@s, os seguintes días, durante el primeiro cuadrimestre:

Martes: 9-11

Mércores: 10-11

Prof. Simone Marcenaro

Lugar: Despacho ____ (2ª planta de la Facultad de Filología)

 **981-563100 (ext. _____)**

□ **simone@usc.es**

O profesor estará ao dispor d@s alumn@s, os seguintes días:

Primeiro cuadrimestre:

Martes: 10:00 a 13:00

Miércoles: 10:00 a 13:00

Segundo cuatrimestre:

Luns: 10:00 a 13:00

Martes: 10:00 a 13:00

□

Debes distinguir entre as **titorías persoais opcionais** no despacho do profesor, no horario que encontrarás na páxina web, e as **titorías programadas obrigatorias**, que terán lugar no espazo e hora sinalados polo Decanato da Facultade de Filoloxía.

2. Sentido da materia no perfil:

I. Bloque formativo no que se encadra a materia: "Actualidade da Filoloxía Románica" (maior en Filoloxía Románica dentro do Grao en Linguas e literaturas modernas / minor en Filoloxía románica para o resto de graos e itinerarios da facultade).

II. Esta materia pretende poñerte en contacto co aproveitamento que se pode tirar das chamadas novas tecnoloxías para unha mellor comprensión dos fenómenos evolutivos que tiveron lugar na conformación das linguas románicas, pero tamén como auxiliares para a investigación en todos os ámbitos da romanística.

III. A aproximación ao coñecemento do funcionamento básico das tecnoloxías da fala axudarán a comprender a importancia da lingüística románica como materia formativa extraordinariamente útil tanto na síntese de voz coma no recoñecemento de voz.

IV. A familiarización coas bases de datos e córpora das linguas románicas permiten unha explotación de datos tanto lingüísticos coma literarios nunha nova dimensión.

V. A edición dixital ofrece novas posibilidades no tratamento filolóxico dos textos románicos, e é necesario familiarizarse con ela para aplicala tanto desde o punto de vista das novas posibilidades de explotación dos datos, como desde o punto de vista das vantaxes que ofrece na presentación dos textos.

VI. O estudo das novas tecnoloxías aplicadas ao ámbito da lingüística, da literatura e da edición de textos goza cada vez de maior implantación nas universidades máis avanzadas, e ten tendencia a incrementarse.

3. Obxectivos da Materia:

- 1. Que o alumno comprenda as vantaxes que as chamadas novas tecnoloxías supoñen para o estudo e a investigación tanto da lingüística como da literatura románicas.
- 2. Decatarse das razóns profundas ás que obedecen os cambios fonéticos na historia das linguas románicas, reproducindo en laboratorio moitos destes cambios grazas ao auxilio da fonética instrumental.
- 3. Tomar conciencia das principais diferenzas entoativas entre as linguas románicas.
- 4. Decatarse da importancia que ten a lingüística románica no desenvolvemento de ferramentas de tecnoloxías da fala, particularmente de síntese de voz e de recoñecemento de voz.
- 5. Captar as vantaxes que ofrecen os coñecementos de lingüística románica no desenvolvemento da tradución automática entre linguas románicas.
- 6. Tomar conciencia da importancia que ten a cronoloxía relativa no proceso da evolución das linguas románicas, constatado a través de programas informáticos de simulación da evolución lingüística das distintas linguas románicas.
- 7. Que o alumno tome conciencia da revolución que supuxo a introdución das novas tecnoloxías na xeolingüística, coa aparición dos atlas lingüísticos parlantes, dos novos métodos de representación cartográfica, da elaboración de cartografía atendendo necesidades particulares do investigador, e na análise dos datos.
- 8. Que o alumno teña información dos cörpera textuais das linguas románicas e das súas posibilidades de explotación.
- 9. Que o alumno coñeza as bases de datos máis importantes dos distintos ámbitos da lingüística e literatura románicas.
- 10. Que o alumno coñeza os principais recursos existentes en rede para o estudo e a investigación das linguas e literaturas románicas.
- 11. Tomar conciencia das vantaxes que presenta a "edición electrónica" para a edición crítica de textos románicos.

Competencias

- 1. Coñecemento das principais técnicas de análise fonética instrumental, especialmente no plano da fonética articulatória e da fonética acústica.
- 2. Comprensión dos principios fenómenos evolutivos da fonética románica, e capacidade para reproducir algún deles en laboratorio.

- 3. Capacidade para identificar características propias de cada unha das linguas románicas que permitan que un sistema de síntese de voz ou de recoñecemento de voz coneza desde o principio con que lingua vai traballar.
- 4. Coñecemento dos principais módulos que integran os sistemas de síntese de voz e de recoñecemento de voz.
- 5. Coñecemento das principais técnicas de análise da entoación, e particularmente da metodoloxía AMPER.
- 6. Coñecemento dos principais tipos de tradución automática.
- 7. Coñecemento dos atlas lingüísticos románicos realizados coa aplicación de novas tecnoloxías.
- 8. Capacidade para realizar unha matriz de elementos que permita medir a distancia interlingüística entre dúas variedades románicas.
- 9. Coñecer os elementos básicos necesarios para a etiquetación dun corpus textual dunha lingua románica.
- 10. Coñecemento e familiarización cos grandes proxectos de bases de datos e edicións dixitais de textos románicos.

4. Contidos da Materia:

4.1. Temario:

1. As novas tecnoloxías e a Filoloxía Románica. O ordenador como auxiliar da lingüística. A lingüística computacional.
2. Novas tecnoloxías e fonética. A fonética instrumental. Utilidade da fonética instrumental para o estudo da lingüística románica, e para a comprensión de determinados fenómenos evolutivos. A entoación: metodoloxía AMPER.
3. As tecnoloxías da fala. A síntese de voz. O recoñecemento de voz
4. Tradución automática.
5. Enxeñaría lingüística e o estudo diacrónico das linguas. A importancia da cronoloxía relativa no cambio lingüístico.
6. As novas tecnoloxías e a xeolingüística
7. As bases de datos e os cörpera. Panorámica xeral. As bases de datos de textos literarios. As bases de datos bibliográficas. As bases de datos lexicográficas. Os cörpera dixitalizados e os metarquivos
8. A edición crítica de textos románicos en formato electrónico. Conceptos fundamentais. Introducción á crítica textual de textos romances. edición crítica dixital.

□ **Dedicaremos clases EXPOSITIVAS e sesións INTERACTIVAS a cada unidade, y reuniremonos en grupos de TITORÍAS tres veces durante o semestre:**

-Nas clases EXPOSITIVAS os profesores achegaranche información para que poidas comprender o contido fundamental de cada unidade.

-As sesións INTERACTIVAS estarán dedicadas a poñer en práctica algún dos aspectos máis relevantes vistos nas clases teóricas, e a entrar en contacto directo con ferramentas informáticas e de tecnoloxías da fala, así como con produtos lingüísticos estudados no programa.

-Nas TITORÍAS PROGRAMADAS avaliaremos o seguimento da materia: aclararemos as túas dúbidas e reforzaremos sobre todo o visto nas sesións interactivas.

4.2. Desenvolvemento das unidades

1. As novas tecnoloxías e a Filoloxía Románica. O ordenador como auxiliar da lingüística. A lingüística computacional.

CLASES EXPOSITIVAS:(2 horas)

- I. Que entendemos por novas tecnoloxías e por Lingüística Románica.
- II. O ordenador como auxiliar da Lingüística Románica.
- III. . A lingüística computacional e as linguas románicas.
- IV. A importancia de Internet para o estudo da Lingüística Románica.
- V. As linguas minoritarias na Sociedade da Información e da comunicación.
- VI. As novas tecnoloxías ao servizo de persoas con deficiencias. A accesibilidade.

SESIÓNS INTERACTIVAS (1 hora):

Haberá unha hora dedicada ao exame de textos de directivas de organismos internacionais referidos á importancia do multilingüismo e das novas tecnoloxías, na sociedade actual.

Lecturas recomendadas:

LAVID, Julia: Lenguaje y nuevas tecnologías. Nuevas perspectivas, métodos y herramientas para el lingüista del siglo XXI. Madrid: Cátedra, 2005, capítulos 1, 2 e 3.

TOMASI, F. (2008): Metodologie informatiche e discipline umanistiche, Roma, Carocci,

VARET, G.(2000): *La science et son information à l'heure d'internet*, Presses Universitaires de France.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M.: “A investigación ao servizo da normalización da lingua galega”, en: *Lingua e investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Universidade da Coruña (2006), 147-163

SAHNINE, M.: *Le Web au service des personnes handicapées*. Editions Néret 2001

Actividade específica para o alumno:

Escribir un comentario sobre o tema: As TIC son un factor de igualdade social ou contribúen a acentuar as desigualdades?

Proporcionarase nova bibliografía específica ao comezo da unidade.

Calendario: SETEMBRO: días 13 e 14, 19

2. Novas tecnoloxías e fonética. A fonética instrumental. Utilidade da fonética instrumental para o estudo da lingüística románica, e para a comprensión de determinados fenómenos evolutivos. A entoación: metodoloxía AMPER.

CLASES EXPOSITIVAS (3 horas):

- I. Fonética articulatória, acústica e auditiva
- II. A fonética instrumental
 - 1. A fonética instrumental no ámbito da fonética articulatória
 - 2. A fonética instrumental no ámbito da fonética acústica
 - 3. Os sons nas linguas románicas.
 - 4. Vogais e consoantes
 - 5. A prosodemática: intensidade, ton, duración.
 - 6. Instrumentos para o estudo acústico dos sons das linguas románicas
 - 7. A entoación: principais modelos entoativos. O Atlas Multimedia Prosodique de l'espace roman.

SESIÓNS INTERACTIVAS:(3 horas)

Dada a necesidade de que o alumno se familiarice coa utilización da instrumentalización e dos programas de análise do son máis utilizados haberá un mesmo número de sesións interactivas que teóricas neste tema.

Lecturas recomendadas:

LASS, Norman J. : *Principles of Experimental Phonetics*. St. Louis, Missouri: Mosby, 1995.

JOHNSON, Keith: *Acoustic & Auditory Phonetics*. Oxford: Blackwell, 1997.

MARTINS, Maria Raquel Delgado: *Aspects de l'accent en portugais*. Hamburg: Buske, 1982.

QUILIS, A.: *Fonética y acústica de la lengua española*. Madrid: Gredos, 1981

PRIETO, P.: "L'entonació dialectal del català: el cas de les frases interrogatives absolutes", en A. Bover; M. R. Lloret;M. Vidal-Tibbits (eds.): *Actes del Novè Col.loqui Estudis Catalans a Nord-Amèrica*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2001, 347-377.

Ashby, Michael: "New directions in learning, teaching and assessment for phonetics", in: *Estudios de fonética experimental*, XVII, 2008, 17-44.

Rossi, Mario: *L'intonation, le systeme du français: description et modélisation*. Paris: Ophrys, 1999.

Actividade para os alumnos:

Cada alumno debe facer o triánngulo vocálico da súa fala propia, e a curva da frecuencia fundamental dun enunciado enunciativo e tres enunciados interrotativos (interrogativa total, interrogativa parcial, interrogativa distributiva).

- Facilitarase bibliografía específica ao comezo da unidade

Calendario:

Setembro: días 20, 21, 26, 27, 28.

Outubro: día 3

3. **As tecnoloxías da fala. A síntese de voz. O recoñecemento de voz**

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas):

1. Que é a síntese de voz
2. Tipos de síntese
3. Módulos na construción dun sintetizador de voz
4. Sintetizadores de voz máis coñecidos.
5. O recoñecemento de voz. Os ditáfonos.
6. Sistemas de diálogo-home máquina.
7. A identificación de locutores e a acústica forense.

SESIÓNS INTERACTIVAS (2 horas):

Dedicaranse dúas horas a probar e examinar o sintetizador de voz “Cotovía” e o de “Loquendo”

Bibliografía recomendada:

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2004): “A síntese de voz en lingua galega: o proxecto Cotovía”, *Revista galega do Ensino*, 44, pp. 199-215

LLISTERRI, J. ; Carbó, C.; Machuca, M.J.; De la Mota, C.; Roca, M.; Ríos, C.: “La conversión del texto en habla: aspectos lingüísticos”, en A. Martí; J. Llisterri: *Tecnoloxías del texto y del habla*. Barcelona: U.B., 2004, 121-144.

MARIÑO, J. B.; Nadeu, C.: “La representación de la voz para el reconocimiento del habla”, en: A. Martí; J. Llisterri: *Tecnoloxías del texto y del habla*. Barcelona: U.B., 2004, 187-224.

TAPIAS, D.; Hernández, L. A.: “Los sistemas de diálogo en los servicios telefónicos: evolución y consideraciones de diseño”, en: A. Martí; J. Llisterri: *Tecnoloxías del texto y del habla*. Barcelona: U.B., 2004, 225-253.

FERNÁNDEZ SALGADO, X.: *Análise e síntese prosódica do galego para conversión texto-fala*. Tese de doutoramento presentada na Universidade de Vigo: Departamento de Teoría do sinal e comunicacións. 2003.

Calendario:

Outubro: 4, 5, 10, 11

4. Tradución automática e outras ferramentas de enxeñaría lingüística.

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas).

- I. Tradución automática. Tradución asistida por ordenador. Ferramentas de axuda á tradución en Internet.
- II. Resumidores automáticos
- III. Outras ferramentas informáticas: correctores, silabadores, programas de concordancias, etc.

SESIÓNS INTERACTIVAS (1 hora)

Haberá unha hora para probar os principais tradutores automáticos español-galego (Es-Gl, Open Trad...) e os correctores do galego (1 hora)

Actividade para os alumnos:

Cada alumno fará unha valoración dos tradutores automáticos a partir da tradución dun texto do castelán ao galego.

Lecturas recomendadas:

AGUILAR-AMAT CASTILLO, A.: “Los problemas lingüísticos de la traducción automática en el campo del léxico” en: J. Gómez Guinovart e A. M. Lorenzo: *Lingüística e informática*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1996.

LAVID, J.: “El ordenador políglota”, en: *Lenguaje y nuevas tecnologías*, 235-280.

ABAITUA, J.: Introducción a la traducción automática [en línea] <http://paginapersonales.deusto.es/abaitua/konzeptu/ta/mt10h_es/index.html [consulta 8-7-2010]

CODESIDO GARCÍA, A. I.: "Tecnologías de la lengua y traducción: recursos y herramientas"

- Proporcionarase bibliografía complementaria ao comezo da unidade.

5. Enxeñaría lingüística e o estudo diacrónico das linguas. A importancia da cronoloxía relativa do cambio lingüístico

CLASES EXPOSITIVAS (2 horas)

- I. O cambio lingüístico. O cambio fonético. O principio neogramático de lei fonética e da súa ordenación cronolóxica.
- II. Principais cambios na fragmentación lingüística da Romania.
- III. Programas de simulación da evolución fonética desde o latín ás linguas románicas.
- IV. Reprodución dalgún cambio fonético das linguas románicas mediante manipulación do sinal acústico.

SESIÓNS INTERACTIVAS (1 hora)

Reproduciranse na práctica mediante utilización do Multi-Speech dalgún cambio fonético mediante a transformación de parámetros acústicos.

Lecturas recomendadas:

García Santos, J. F.: *Cambio fonético y fonética acústica*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 2002

Proporcionarase bibliografía complementaria ao comezo da unidade.

Calendario:

Outubro: 17, 18, 19

6. As novas tecnoloxías e a xeolingüística

CLASES EXPOSITIVAS (3 horas)

1. Breve panorama da xeolingüística románica. Tipos de mapas.
 2. Os grandes atlas románicos actuais.
 3. A incorporación da informática á elaboración dos mapas lingüísticos.
 - Os programas de cartografía
- As bases de datos con finalidade xeolingüística.
4. O Atlas Lingüístico Galego
 5. O Atlas Linguistique Roman
 6. Os Atlas Lingüísticos Falantes.
 7. Dialectometría. Principais métodos.

SESIÓNS INTERACTIVAS (3 horas)

Dedicaranse a que o alumno se familiarice co dominio e coa consulta dos principais atlas lingüísticos da Romanía, e se afronte ao deseño dunha matriz de trazos para a utilización en análises dialectométricas.

Actividade para cada alumno:

Introdución na Base de Datos ALiR dos datos correspondentes a un concepto.

Lecturas recomendadas :

GOEBL, H. (1994): "L'Atlas Linguistique du ladin central et des dialectes limitrophes (première partie, ALD I)", en: GARCÍA MOUTON, P. (edit.) *Geolingüística. Trabajos europeos*. Madrid: CSIC, 155-168.

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (2004): "O Atlas Linguistique Roman (ALiR). Unha visión persoal desde Galicia", en: Álvarez, R.; Fernández, F.; Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*, vol. II. Santiago de Compostela, pp. 573- 602

SARAMAGO, J. (1986): "Différentiation lexicale (un essai dialectométrique appliqué aux matériaux portugais de l'ALE)", *Géolinguistique 2*, 1-31.

VV.AA.: *Atlas Linguistique Roman*, Roma: Istituto Poligrafico dello Stato, vol. 1 (1996) e vol. 2 (2010).

[*Atlas linguistique parlant d'une région alpine: Entre francoprovençal et occitan*](#) . Isabelle Marquet - Centre de dialectologie, Grenoble Université Stendhal (1995);

L'[*Atlas linguistique multimédia de la région Rhône-Alpes*](#) (ALMURA) réalisé par une équipe du [Centre de Dialectologie de Grenoble](#) dirigée par le professeur [Jeanine-Elisa Médélice](#); cet atlas fait suite au nr. 2;

L'[*Atlas linguistique du ladin des Dolomites et des dialectes limitrophes-1*](#) (ALD-I) réalisé par une [équipe de l'Université de Salzbourg](#) dirigée par le professeur [Hans Goebel](#). (2005);

[THESOC](#) : Thesaurus occitan réalisé par une équipe dirigée par le professeur J. Philippe Dalbéra (Université de Nice); (cf. également HYPERLINK "http://www.unice.fr/bcl/spip.php?rubrique40" \t "_parent" [ici](#));

[Vivaldi: Vivaio Acustico delle Lingue e dei Dialetti d'Italia](#) réalisé par une équipe de l'Université Humboldt de Berlin dirigée par le professeur HYPERLINK "http://www2.hu-berlin.de/romanistik/kattenbusch.html" \t "_parent" [Dieter Kattenbusch](#).(1998-2008);

Calendario

Outubro: 24,25,26,31

Novembro: 2

NOTA:

O día 10 de outubro dedicarase unha hora a resolver cuestións que quedarán pouco claras correspondentes aos 6 primeiros temas.

7. As bases de datos

Profesor: Simone Marcenaro

CLASES EXPOSITIVAS (8 horas)

1.1. Panorámica xeral

O funcionamento dunha base de datos, a súa estruturación primaria e os seus empregos no campo da investigación literaria.

1.2. As bases de datos de textos literarios

Os principais repertorios de textos literarios; os textos dixitalizados; exemplos de bases de datos textuais relativas ó campo da Filoloxía románica; a fiabilidade do instrumento informático na investigación en literaturas románicas; os novos recursos da web 2.0.

1.3. As bases de datos bibliográficas

Emprego das principais bases de datos relacionadas co material bibliográfico; os instrumentos de búsqueda; a diferenza entre os catálogos cerrados e os grandes *MetaOpac* europeos e americanos.

1.4. As bases de datos lexicográficas

Manexo das principais bases de datos relacionadas á investigación lexicográfica; os instrumentos de busca; o caso galego: o exemplo do *Diccionario de dicionarios* e do *TMILG*; cómo citar un vocabulario *on-line*.

1.5. Os corpora dixitalizados e os metarchivos

Os máis recentes instrumentos de xestión de *corpora* e concordancias (*Monoconc*, *BConcord*, ecc.); os meta-archivos e as opcións de búsqueda múltiple: desde *Google* ata *Archive*; Os operadores booleanos ‘and’ - ‘or’ - ‘not’; as varias tipoloxías dos campos de busca; utilidade e límites das buscas avanzadas.

Clases interactivas (5 horas)

O Profesor escollerá cos alumnos tres bases de datos nas que se efectuará unha proba práctica para verificar o grado de dificultade, as vantaxes e os defectos dos recursos ilustrados ó longo da primeira parte do módulo.

Lecturas recomendadas:

I. Libros e artigos

García Camarero, E. - García Melero, L. A., *La Biblioteca Digital*, Madrid, Arco-Libros S. L., 2000

Habib, M., “Towards academic library 2.0: development and application of a library 2.0 methodology”, 17 de nov. 2006 <mchabib.com/tag/academic-libraries/>

Herrera Morillas, J. L., *Tratamiento y difusión digital del libro antiguo. Directrices metodológicas y guía de recursos*, Gijón, Trea, 2004

López Alonso, C. - Matesanz del Barrio. M. (eds.), *Las plataformas de aprendizaje. Del mito a la realidad*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2009

- Lovink, G., *Zero Comments. Teoría crítica de Internet*, Milano, Bruno Mondadori, 2008
- Lucía Megías, J. M., “La informática humanística: una puerta abierta para los estudios medievales en el siglo XXI”, en *Revista de Poética Medieval*, 20 [nº monográfico coordinado por César Domínguez, Medievalismo/s. De la disciplina y otros espacios imaginados (I)], 2008, pp. 163-185
- , “De las bibliotecas digitales a las plataformas de conocimiento (notas sobre el futuro del texto en la era digital)”, en *Arbor*, Mariña (ed.), *Edición crítica e lírica medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Universidade, 2010, pp. 369-400
- Margaix Arnal, D., “Conceptos de web 2.0 y biblioteca 2.0: origen, definiciones y retos para las bibliotecas actuales”, *El profesional de la información*, 16, nº 2, pp. 95-106
- Metitieri, F., *Il grande inganno del Web 2.0*, Bari-Roma, Laterza, 2009
- Numerico, T., Fiorimonte, D., Tomasi, F., *L'umanista digitale*, Bologna, Il Mulino, 2010
- Rodríguez, J., *Los futuros del libro*, Salamanca, Melusina, 2007
- Tomasi, F. *Metodologie informatiche e discipline umanistiche*, Roma, Carocci, 2008
- Torres Santo Domingo, M., “La función social de las bibliotecas universitarias”, *Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios*, 80, 2005, pp. 43-70
- Witten, I. H., Bainbridge, D., Nichols, D. M., *How to Build a Digital Library*, 2ª ed., Massachussets, Burlington, 2010

II: Recursos en liña

Archive: <http://www.archive.org/>

BConcord 2010: <http://bconcord.com/index.html>

COLLATE: <http://www.itsee.bham.ac.uk/software/collate/>

Corpus informatizado do portugués medieval: <http://cipm.fcsh.unl.pt/>

Criterios de edición de documentos hispánicos (orígenes-siglo XIX), por CHARTA:

http://www.textohispanicos.es/index.php?option=com_content&task=view&id=19&Itemid=41

Diccionario de diccionarios: <http://sli.uvigo.es/DDGM/>

MonoConc Pro: <http://www.athel.com/mono.html>

Recaptcha: <http://recaptcha.net/>

TACT: <http://www.indiana.edu/~letrs/help-services/QuickGuides/about-tact.html>

TEI: <http://www.tei-c.org/index.xml>

Tesoro della Lingua Italiana delle origini: <http://tlio.ovi.cnr.it/TLIO/>

Tesoro lexicográfico de la lengua española:

<http://buscon.rae.es/ntlle/SrvltGUILoginNtlle>

TMILG: <http://ilg.usc.es/tmilg/index.php>

TUSTEP: http://www.tustep.uni-tuebingen.de/tustep_eng.html

Calendario:

Novembro: 7,8,9,14,15,16,21,22,23,28, 29, 30

Decembro: 5

8. A Edición crítica de textos románicos en formato electrónico

Prof. Simone Marcenaro

CLASES EXPOSITIVAS (5 horas)

1. Conceptos fundamentais
 - 1.1. A *Informática humanística* como nova disciplina
 - 1.1. Aproximación á *Informática textual*
 - 1.2. Os inicios e o futuro da *rede*: internet, a web 2.0. Cara a "web 3.0"?
 - 1.3. O texto impreso e o texto dixital
 - 1.4. O hipertexto e as súas posibilidades
2. Introducción á crítica textual de textos romances
 - 2.1. O concepto de 'filoloxía' e outros principios fundamentais
 - 2.2. Aproximación ás tipoloxías de edición
 - 2.3. Aproximación ós principais métodos críticos de edición
3. A edición crítica dixital
 - 3.1. Características e conceptos básicos
 - 3.2. Edición tradicional e edición dixital como complementos
 - 3.2. Introducción ós principais programas de edición e ós novos instrumentos para a dixitalización de obras antigas
 - 3.3. Aproximación ós principais proxectos de edición crítica en formato electrónico

SESIÓNS INTERACTIVAS (5 horas)

N.B. As clases interactivas desta parte da materia, consistentes na análise práctica de distintos recursos e programas de edición, serán intercaladas cos contidos teóricos antes expostos (10 horas).

Lecturas recomentadas:

- BERNERS-LEE, T. (2001): *Tejiendo la Red*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- BLECUA, A. (2001[1983]): *Manual de crítica textual*. Madrid: Castalia.
- BREA, M. (2008): «Edición impresa e edición electrónica, ferramentas complementarias». FERREIRO, M. *et alii* (eds.): *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, A Coruña: Universidade da Coruña - Servizo de Publicacións, pp. 67-76.
- FERRARINI, E. (2005?): «L'Informatica umanistica oggi (con una nota al DM 18.3.2005)» http://www.griseldaonline.it/informatica/5ferrarini.htm#_ftn4 [última consulta, 21/06/10].
- FIORMONTE, D. (ed.): *Informatica umanistica. Dalla ricerca all' insegnamento*. Roma: Bulzoni Editore.
- HERRERA MORILLAS, J. L. (2004): *Tratamiento y difusión digital del libro antiguo. Directrices metodológicas y guía de recursos*. Gijón: Trea.
- LANDOW, G. P. (1995): *Hipertexto. La convergencia de la teoría crítica contemporánea y la tecnología*. Barcelona: Paidós.

- LUCÍA MEGÍAS, J. M. (1998): «Editar en internet (*che quanto piace il mondo è breve sogno*)». *Incipit*, XVIII, 1-40.
- LUCÍA MEGÍAS, J. M. (2002): *Literatura románica en Internet. I. Los textos*. Madrid: Castalia.
- LUCÍA MEGÍAS, J. M. (2008): «La Informática humanística: una puerta abierta para los estudios medievales en el siglo XXI». *Revista de poética medieval*, 20, pp. 163-185.
- ORLANDI, T. (2003): «Proposta: Informatica applicata alle discipline umanistiche (ovvero: Informatica umanistica)» accesible en <http://www.griseldaonline.it/informatica/orlandi.htm> [última consulta, 21/06/10].
- PAJARES TOSCA, S. (2004): *Literatura digital. El paradigma hipertextual*. Cáceres: Universidad de Extremadura.
- PÉREZ PRIEGO, M. Á. (1997): *La edición de textos*. Madrid: Síntesis.
- RONCAGLIA, A. (1975): *Principi e applicazioni di critica testuale*. Roma: Bulzoni editore.
- RUIZ, E. (1985): «Crítica textual. Edición de textos». DÍEZ BORQUE, J. M. (coord.): *Métodos de estudio de la obra literaria*. Madrid: Taurus, pp. 67-120.
- SHILLINGSBURG, P. L. (2006): *From Gutenberg to Google*, Cambridge: Cambridge University Press.
- TOMASI, F. (2008): *Metodologie informatiche e discipline umanistiche*. Roma: Carocci.

Calendario:

Decembro:: 12,13,14,19,20,21

Xaneiro: ,9,10,11

5. Indicacións metodolóxicas e atribución de carga ECTs:

Cada semana terá clases teóricas y clases prácticas e/ou seminarios. Nas sesións teóricas os teus profesorese proporcionaránche a información básica para que te decates da importancia que a informática e as novas tecnoloxías teñen para o estudo e a investigación en lingüística románica. As clases prácticas e os seminarios permitiránche entrar en contacto directo coas ferramentas e cos programas mencionados nas clases teóricas, e ver a súa utilidade no traballo e na investigación concretos.

Materia de 6 créditos ECTs (6 x 25 = 150 horas de carga de traballo para o alumno)

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaránse a traballo dirixido pola profesora e as outras 75 horas (50%) a traballo autónomo por parte dos alumnos para completar os coñecementos e habilidades traballados na clase. As horas de traballo dirixido distribuiránse en 54 de actividades formativas presenciais (o que supón o 36% do traballo total) e 21 (14% do total) de actividades dirixidas non presenciais.

actividades	horas presenciais	horas non presenciais	traballo autónomo	TOTAL
Clases expositivas	24	-	35	59
Clases interactivas	24	21 (TD)	40	85
Titorías	3	-	-	3
Sesións de avaliación	3	-	-	3
TOTAL	54	21	75	150

Os profesores aconséllanche que procures dedicar unhas 6 horas semanais á preparación desta materia.

6. Indicacións sobre a avaliación :

Calendario oficial de exames:

A data oficial, establecida pola Facultade de Filloxía, para o exame final correspondente á convocatoria de xaneiro é a de 23 de xaneiro de 2012, ás 09:00 horas na aula 14.

A data oficial, establecida pola Facultade de Filloxía, para o exame final correspondente á convocatoria de xullo desta materia é o 12 de xullo de 2012, ás 16:00 horas na aula14.

Aspectos que se tenrán en conta na avaliación e criterios que se empregarán:

Teranse en conta TODAS as túas achegas e o teu traballo ao longo do curso. Tomarase nota na túa ficha de todas as actividades nas que participes, tanto individuais coma en grupo, escritas como orais. No seguinte cadro ofrecémosche un cómputo do peso que terá cada aspecto do teu traballo na cualificación final:

Aspecto	Criterios	Instrumento	Peso
Asistencia e Participación	-Participación nas clases prácticas, seminarios, debates, titorías programadas, etc.	Observación e notas do profesor (fichas)	30%
Actividades e traballos escritos obligatorias	-Entrega de las actividades segundo as condicións establecidas e o prazo previsto.. -En cada actividade avaliarase a madurez e o grao de corrección en todos os aspectos.	Actividades entregadas ao profesor	30%
Dominio da materia, tanto dos contidos teóricos coma dos prácticos	-Dominio dos conceptos da materia. -Visión global da materia.	Exame final	40%

Recomendacións en caso de recuperación en xullo:

Se por algunha razón non puidiches superar a materia en xaneiro ou se decidiches presentarte na convocatoria de xullo, teranse en conta igualmente os traballos presentados ao longo do curso. Se estes foron avaliados insatisfactoriamente, debes poñerte en contacto co profesor para redeseñar as actividades realizadas ou ben para establecer outras novas que poidan cubrir o 30% da nota final.